

HUMOR CON H

III PREMIO PARA ÁLBUM
ILUSTRADO DE HUMOR



HUMOR CON



O HEMATOFESTI en colaboración con TRIQUETA EDITORA convoca o III Premio “HUMOR CON H” para Álbums Ilustrados.

No marco da celebración do HematoFesti (festival de literatura infantil e humor) e co obxectivo de promover a filosofía do Hematocrítico, que consistía en entender a vida a través da xenerosidade, a empatía e o humor, a organización do festival e a editorial Triqueta convocan o **III PREMIO “HUMOR CON H” DE ÁLBUM ILUSTRADO INFANTIL** cunha dotación económica única de 5000 euros ao mellor proxecto de álbum ilustrado infantil “de humor”, presentado conforme ao establecido nas bases reguladoras.

QUE OBRAS PODEN PRESENTARSE?

Valoraranse obras de humor orixinais e inéditas en calquera lingua oficial do Estado español en formato álbum ilustrado infantil, entendendo por obra inédita aquela que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte mediante ningún tipo de procedemento.

QUEN PODE OPTAR AO PREMIO?

Ao premio poden optar autoras/autores e ilustradoras/ilustradores maiores de idade, que poderán presentarse cun único traballo.

CANDO FINALIZA O PERÍODO DE PRESENTACIÓN?

O prazo de presentación dos traballos finalizará o último día de Febreiro 2027 e o fallo do xurado darase a coñecer en Abril do 2027.

COMO SE PODE PRESENTAR O TRABALLO?

As persoas participantes deberán presentar os seus orixinais a través desta conta de correo electrónico:

humorconh@triquetaverde.com

QUE HAI QUE ENVIAR?

As persoas participantes deberán enviar unha copia do texto, tres das ilustracións finalizadas, xunto cunha maqueta acabada de todo o proxecto, que deberá ser presentado baixo un lema e sen ningún tipo de dato que permita identificar o seu autor/a, e outro documento á parte co nome completo, idade, enderezo, teléfono, título da obra e copia do DNI de todos os autores do proxecto. Ambos os dous documentos presentaranse en formato PDF.

Poderase presentar o traballo en calquera tamaño, técnica ou formato, sempre e cando a extensión máxima non supere as 40 páxinas no seu conxunto (incluíndo gardas e cuberta).

QUEN VALORARÁ OS TRABALLOS PRESENTADOS?

A efectos de elixir a obra gañadora, formarase un xurado profesional e experto en álbum ilustrado infantil, que valorará os traballos que se presenten e que concederá o premio tendo en conta a calidade da obra no seu conxunto, a complementación entre texto e imaxes, así como o tratamento do humor, eixo central deste concurso. Poderá declarar o premio deserto se así o considera.

QUE IMPLICA SER A OBRA GAÑADORA?

A obra premiada contará coa dotación económica establecida a xeito de anticipo de dereitos. TRIQUETA EDITORA publicará a obra premiada en todas as linguas do Estado: castelán, galego, català e euskara co seu respectivo contrato de edición. Así mesmo, a editorial reservará o dereito de poder publicar algunha obra que reciba mención especial do xurado se así o consideran as partes.

As bases completas de participación no III Premio HUMOR CON H poderán consultarse na páxina web de Triqueta Editora (www.triquetaverde.com), así como nas súas redes sociais.

